

Irlanda na revista Nós. Apuntamentos para un estudo das relacións culturais (I)*

Ireland in the journal Nós. Notes for a study on cultural relations (I)

Alberto ALLEGUE LEIRA

I.E.S. Moncho Valcarce
Dpto. de Lingua Galega e Literatura

alberto.allegue.leira@udc.es

[Recibido, novembro 2009; aceptado, xaneiro 2010]

RESUMO

A revista Nós acolleu regularmente contidos relacionados con Irlanda e coa súa cultura. Foron sobre todo dous os autores que asinaron os traballos, Otero Pedrayo e V. Risco, e a súa atención sobre este país obedece, ademais de consolidar un discurso identitario ligado ao celtismo, tanto a debates internos dentro do nacionalismo de preguerra como á promoción por parte dos ourensáns do exemplo irlandés como modelo estratéxico para o galeguismo durante os anos 20. A visión de Irlanda en Nós comeza sendo de carácter político, mais polos intereses dos propios redactores, da revista e da situación política e cultural do momento vai evoluíndo cara aspectos máis literarios e históricos. Son precisamente eses intereses de Otero e Risco (refrendaren a súa proposta estratéxica dentro do nacionalismo, consolidaren a súa posición) os que fan “adaptar” a realidade irlandesa dos anos 20 a unha visión “acaída” para o público de Nós.

PALABRAS CHAVE: Galiza-Irlanda, relacións culturais, revista Nós, nacionalismo galego, literatura irlandesa

ALLEGUE LEIRA, Alberto (2010): “Irlanda na revista Nós. Apuntamentos para un estudo das relacións culturais”. *Madrygal (Madr.)*, 13: 19-28.

RESUMEN

La revista Nós acogió regularmente contenidos relacionados con Irlanda y con su cultura. Dos fueron principalmente los autores que firmaron estos trabajos, Otero Pedrayo y V. Risco, y su atención sobre este país obedece, además de la consolidación de un discurso identitario ligado al celtismo, tanto a debates internos dentro del nacionalismo de preguerra como a la promoción, por parte de los ourensanos, del ejemplo irlandés como modelo estratégico para el galleguismo durante los años 20. La visión de Irlanda en Nós empieza siendo de carácter político, pero por los intereses de los propios redactores, de la revista y de la situación política y cultural del momento, va evolucionando hacia aspectos más literarios e históricos. Son precisamente esos intereses de Otero y Risco (refrendar su propuesta estratégica dentro del nacionalismo, consolidar su posición) los que hacen “adaptar” la realidad irlandesa a unha visión “adecuada” para el público de *Nós*.

PALABRAS CLAVE: Galiza-Irlanda, relaciones culturales, revista Nós, nacionalismo gallego, literatura irlandesa.

ALLEGUE LEIRA, Alberto (2010): “Irlanda en la revista *Nós*. Apuntes para un estudio de las relaciones culturales”. *Madrygal (Madr.)*, 13: 19-28.

* Este artigo consta de dúas partes. Neste número publícase a primeira, e queda pendente a segunda parte para o número 14 desta revista.

ABSTRACT

The cultural journal *Nós*, during its publication years, regularly featured pieces about Ireland and its culture. The two main contributors to the topic were Otero Pedrayo and Vicente Risco and their interest arose, together with an effort to consolidate a identificatory discourse based on the Celtic strain, from the internal debates within the pre-war nationalist movement as well as the utilization by the two Ourensians of the Irish example as a strategic model for the Galicianism of the twenties. The vision of Ireland reflected in *Nós* had initially a political slant, but the interests of editors and readership alongside the surrounding political atmosphere led to an evolution towards more literary and historic aspects. Precisely the same interests, shared by Otero and Risco (to reassert their strategic nationalist proposal and consolidate their own position), guided the adaptation of the Irish reality of the twenties to the ‘fitting’ version that reached *Nós* readers.

KEY WORDS: Galiza-Ireland, cultural relations, *Nós*, galician nationalism, irish literature.

ALLEGUE LEIRA, Alberto (2010): “Ireland in the journal *Nós*. Notes for a study on cultural relations”. *Madrygal (Madr.)*, 13: 19-28.

SUMARIO

1. Introducción; 2. A presenza de Irlanda na revista; 2.a. 1920; 2.b. 1921; 2.c. 1922-1923; 2.d. 1926; 2.d.1. As mudanzas na Irlanda independente e o seu tratamento nos artigos de Risco; 2.e. 1926-1929; 2.f. 1930-1931; 2.g. 1933-1934; 3. Os intereses lectores; 4. Conclusións; 5. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN

É comunmente admitido que Irlanda foi un referente importante para o galeguismo de preguerra. Para alén de fortalecer o discurso do celtismo que viña xa do século XIX, o movemento nacionalista irlandés, emerxente e triunfante, foi un argumento de autoridade nos debates dentro do galeguismo anterior a 1936, e a pegada da literatura irlandesa está presente en numerosos artigos, así como en obras poéticas e narrativas. No presente traballo, deixando á marxe estes aspectos xa ben estudados, quixeramos centrarnos na presenza de Irlanda na que foi a grande publicación periódica da cultura galega de preguerra, a revista *Nós*.

Como sinala Beramendi, *Nós. Boletín da Cultura Galega* foi o vehículo periódico da alta cultu-

ra galega, e dirixida e controlada por Vicente Risco “actuou dende Ourense como contrapeso de autoridade teórica e prestixio intelectual respecto do dominio coruñés sobre *A Nosa Terra*” (Beramendi 2008: 650-651) Practicamente desde a súa fundación, e ao longo dos seus 16 anos de historia, a revista *Nós* prestoulle atención a Irlanda. As referencias que a este país se fan son variadas, e van desde a tradución de textos até ensaios de divulgación da súa literatura, pasando por artigos en que se constata o paralelismo entre as nacións celtas ou re-creacións literarias a partir de textos irlandeses. Con todo, se revisamos a colección de *Nós*, podemos observar como, malia ser esta presenza de Irlanda relativamente constante, este protagonismo salienta sobre todo en tres anos: 1921, 1926 e 1931, datas importantes na historia galega da preguerra. Á presenza irlandesa en *Nós* nestes anos é a que lle dedicaremos maior atención.

Cando lemos estes traballos de tema irlandés en *Nós*, as asinaturas revélanse como un dato relevante. Da nómina dos autores que se ocupan de Irlanda no *Nós* monográfico de decembro de 1921, só tres nomes repetirán unha colaboración posterior na revista con tema irlandés: Ramón Villar Ponte, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. Así e todo, son estes dous últimos os intelectuais que de maneira máis perseverante exploran esta relación, asinando artigos e colaboracións sobre Irlanda desde 1920 até a década de 30, mentres que Ramón Villar Ponte farao, no que a *Nós* se refire, só en 1921-1922. Os autores que teñen estudado a relación entre Irlanda e *Nós* xa repararon nesta “coincidencia”, e destacaron o protagonismo que cobra Irlanda para o nacionalismo galego tras a incorporación do cenáculo ourensán ás IF (Núñez Seixas 1992: 28-29), así como sobre o carácter mancomunado que teñen as relacións literarias con Irlanda en *Nós* (González-Millán 1989: 34-37; McKevitt 2003: 9-11, 50), mais esta mancomunidade son basicamente dúas persoas, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo.

No noso traballo, queremos reparar naquilo que de Irlanda lles chama a atención a estes dous grandes autores, nos primeiros momentos asuntos de cariz moito máis político que literario ou histórico, para ir mudando cara a un predominio do último sobre o primeiro. As referencias a Irlanda no ano 1921 teñen un marcado carácter político, dentro da liña sempre cultural da revista, mentres que despois de 1923 as que podemos ler refírense fundamentalmente á literatura irlandesa contemporánea, e a partir de 1930 o protagonismo é para a historia antiga. Para intentar explicar isto, porque as rela-

cións culturais e literarias non son nunca “puras” nin casuais (Figueroa 2001: 130), parece conveniente revisarmos a situación política e cultural destes anos en ambos os países. Os momentos en que esta cultura irlandesa aparece na cabeceira ourensá son relevantes para comprendermos mellor esta singular relación entre Galiza e Irlanda. O papel que xogan os axentes “importadores”, tamén semella decisivo.

Comecemos por revisar as referencias a Irlanda que achamos en *Nós*.

2. A PRESENZA DE IRLANDA NA REVISTA

2.a. 1920

A primeira referencia que encontramos sobre Irlanda na revista *Nós* corresponde ao n.º 3 (30/12/1920), leva por título “Letras irlandesas: W. B. Yeats” e, malia que aparece sen asinar, no índice atribúenllo a V. R. É un bo exemplo do que atoparemos na revista sobre Irlanda ao longo da súa historia: referencias á difícil situación que está a vivir este país baixo o xugo inglés, caracterización do escritor en clave nacional (Wilde non, Yeats si, malia que ambos escriben en inglés, e ambos son coñecidos en Londres), importancia fundamental das fontes francesas, neste caso a revista *La Douce France*, trazos de futuras empresas (canto a *O solpor céltigo*, “Eu agardo dar logo algúis d’ises contos: Nosa Señora dos outeiros, Un curazón sofrido...”¹), identificación cun celtismo tamén presente noutras literaturas (Teixeira de Pascoaes, Rosalía, F. James...) e tradución de textos orixinais, nesta ocasión, o poema “*To an Isle in the Water*”.

2.b. 1921

Como indicamos, os contidos de 1921 teñen un cariz máis político. No n.º 6 (20/08/21), Ramón Villar Ponte publica unha “Lembranza. Elexía do bon irlandés”, onde nun ton bastante cristián se fala dos bos irlandeses que caen na batalla mais que, escolleitos, fican “á destra do Eterno”. As alusións á guerra en Irlanda son bastante evidentes. No número seguinte, o 7 (25/10/21), o que atopamos son dúas

noticias na sección “Os homes, os feitos, as verbas” en que se informa da entrevista que mantivo a Irmandade Céltiga de Madrid coa Legación da República Irlandesa en Madrid, así como da recepción en *Nós* dos n.º 54 e 55 do *Boletín Irlandés*. Nestes dous artigos, “Nós, na legación da República Irlandesa en Madrid” e “Boletín Irlandés” encontramos a xustificación dos contidos políticos en *Nós*: o momento culminante e decisivo que estaba a vivir o nacionalismo irlandés para acadar a independencia política. Cómpre lembrarmos que, “oficialmente”, en 1921 non había ningunha República Irlandesa, nin a habería até a Constitución de 1937, se ben é certo que a III Asemblea Nacionalista, celebrada en Vigo en abril de 1921 acordara o seu recoñecemento (Quintana Garrido 2002: 193). Como apuntan Núñez Seixas e Beramendi, o interlocutor que teñen os galeguistas en Madrid é unha oficina de información do *Dáil Eireann*, a asemblea constituínte formada polos deputados eleitos do *Sinn Féin* en novembro de 1918 que non tomaron posesión do seu escano en Westminster, asemblea que se reuniu por primeira vez en xaneiro de 1919 en Dublín e que prolongaría as súas sesións até 1921. A loita do nacionalismo irlandés pola súa independencia foi acompañada dunha intensa propaganda no estranxeiro, que se concretou, entre outros medios, por oficinas de información en diferentes capitais europeas, sendo unha delas a de Madrid, que estaba presidida por Mrs. O’Brien e que editaba, segundo Núñez Seixas, un “modesto” *Boletín Irlandés* (Núñez Seixas 1992: 27; Beramendi 2008: 657). Nos números deste *Boletín Irlandés* de que dá conta *Nós*, infórmase do apoio dos bispos católicos dos EE. UU. ás aspiracións políticas do nacionalismo irlandés, así como da expulsión violenta dos traballadores católicos dos estaleiros de Belfast, do nomeamento de “plenipotenciarios” que habían de negociar o Tratado coas autoridades británicas, e da xira “diplomática” que De Valera estaba a facer por EE. UU. Isto é, como non podía ser doutra maneira nese momento, actualidade política, ora ben, recollida nun boletín mensual de cultura.

O seguinte n.º de *Nós*, o 8, é o que se dedica á memoria de Terence MacSwiney e a Irlanda, a modo de monográfico, tal e como se avanzara no artigo “Nós, na legación da República Irlandesa en Madrid” do n.º 7. Sobre o falecido alcalde de Cork temos tres textos, no entanto, ningún nos informa

¹ V.R., “Letras irlandesas: W. B. Yeats”, *Nós*, n.º 3 (30/12/1920), páx. 16.

que a súa heroica morte aconteceu un ano antes, en 1920, e o que se está a conmemorar é, por tanto, o aniversario do seu pasamento. Parece evidente, daquela, que o único, ou o máis importante é o seu sacrificio/martirio, non cando ou como este tivo lugar. Núñez Seixas indica que este número de *Nós* pode ser unha mostra de como o nacionalismo galego recibiu o movemento irlandés: percibiuno como un movemento “unitario”, mostrou simpatías polo *Sinn Féin*, mais nada teorizou sobre o modelo insurreccional, o discurso dos galeguistas sobre Irlanda son as chamadas á irmandade e á solidariedade “céltica”, que se concretan neste número con “bellos poemas de hermandad céltica y una tímida simpatía explícita por el Sinn Féin” (Núñez Seixas 1992: 30). Parece difícil non concordarmos con este xuízo, a non ser nun punto. Como intentaremos expor máis adiante, os galeguistas si que observaron o modelo “insurreccional” irlandés, e na medida das súas posibilidades tentaron imitalo. Son precisamente os debates estratéxicos no seo do nacionalismo galego os que, parcialmente, explican este número sobre Irlanda. Mais agora vexamos algúns datos referentes a esta oitava entrega de *Nós*.

En primeiro lugar, a data da súa publicación, e algúns dos feitos que a provocan. Segundo a portada da revista, o n.º 8 aparece o 5 de decembro de 1921. Parece un momento bastante oportuno para falar de Irlanda, xa que un día despois, ou apenas unhas horas, o 6 de decembro de 1921 ás 2:10 da madrugada, é cando se asina en Londres o Tratado que creaba o Estado Libre Irlandés, acordo que culmina a loita pola independencia deste país durante séculos, se ben asumía a creación dun Estado sometido formalmente á Coroa Inglesa, do cal ficaban excluídos seis condados do Ulster, e aseguraba catro bases navais no seu territorio para a Armada británica. A prensa da época ocupouse destes acontecementos, e non é difícil concluír que para a opinión pública daquel momento, e non só para os galeguistas, a cuestión irlandesa foi un asunto coñecido e relevante. Eran moitos os lectores sabedores da loita irlandesa a quen os paralelismos entre Irlanda e Galiza lles serían chamativos e, talvez, asumíbeis. E esta presenza de Irlanda na imprensa foi abundosa antes e despois do Tratado, xa que cómpre lembrarmos que o conflito, ou a guerra, de que se falaba xa no n.º 6 de *Nós*, viña de atrás,

non xa do levantamento da Pascua de 1916, senón da constitución do *Dáil Eireann* en 1919, tentativa de autogoberno que quixeron impedir as autoridades británicas. A parte máis sanguenta deste conflito anglo-irlandés foi o segundo semestre de 1920, cando entre outros sucesos acontece a morte, en folga de fame, do alcalde de Cork, Terence MacSwiney. Esta espiral de violencia detívose a principios de xullo de 1921, ao comezaren as conversacións de paz entre británicos e irlandeses (Duffy 2005: 196-200). En 1920 e 1921, Irlanda era un lugar moi coñecido para a opinión pública, e non só polas belas poesías. Unha comparación, ou equiparación, entre Irlanda en Galiza posibelmente tiña claras connotacións culturais, ora, seguramente, en igual ou maior medida, políticas.

Outro dos datos sobre os que quixeramos chamar a atención é sobre o artigo “Notas da vida de Terencio MacSwiney” dese n.º 8, escrito pola irmá do homenaxeado, Annie Mac Swiney, e segundo explica o subtítulo, mandado “espresamente para *Nós*”. Ha de repararse que esta é unha colaboración importante, dado que a familia MacSwiney, especialmente Mary, acadou un protagonismo político importante no tempo da independencia, e nos anos posteriores, como defensores incólumes da ortodoxia republicana, e consecuentemente contraria ao Tratado. Non eran figuras “de primeiro nivel” no nacionalismo irlandés, mais si tiñan unha importante relevancia “moral” e acadarían un destacado protagonismo tras a morte do irmán, e tamén nas semanas seguintes á aparición do n.º 8 de *Nós* e da sinatura do Tratado.

Este artigo de Annie MacSwiney, así como os contactos cos republicanos da Legación en Madrid sérvenos para matizar o descoñecemento e a falta de contactos directos con que se caracterizou a relación de Irlanda e o galeguismo de preguerra (Núñez Seixas 1992: 30; González-Millán 1989: 34-37; McKevitt 2003: 9-11). É indiscutíbel que as fontes francesas foron fundamentais no contacto e na interpretación que o galeguismo fai de Irlanda, mais non foron as únicas, e se ben é difícil documental en 1926, como veremos, parece bastante evidente que en 1921-1922 si que houbo ese contacto de primeira man entre os nacionalistas galegos e os irlandeses: establecen relacións coa Oficina da Legación irlandesa en Madrid², os republicanos irlandeses publican algún artigo en *El Noro-*

² Da “Documentación epistolar” de Fermín Penzol que escolmou e editou R. Piñeiro en 1981, podería deducirse que estes contactos se estenderon polo menos durante un ano, entre outubro de 1921 e outubro de 1922. Vid. Piñeiro 1981: 309-310. Outro testemuño dun participante neses contactos coa Legación Irlandesa é a carta de R. Cabanillas a A. Villar Ponte que reproduce Luís Rei (2009: 254-255).

este, as IF son convidadas ao Congreso da Raza Celta en xaneiro de 1922 (Núñez Seixas 1992: 30; Beramendi 2008: 657), ou Annie MacSwiney escribe expresamente unha colaboración para *Nós*. Que estes contactos directos non se prolongasen máis aló de 1922 debe ser imputado, en grande medida, ás mudanzas na situación política irlandesa e á idiosincrasia do propio nacionalismo irlandés, que, mercé a considerar a súa nación única no mundo, foi pouco dado a compararse, e a traballar, con outros nacionalismos. Os propios irlandeses mostraron moi pouca vontade de continuar os contactos e as colaboracións con calquera movemento nacionalista despois de 1922, mesmo con aqueles cos cales mantiveran unha relación máis estreita nas dúas primeiras décadas do século XX, como foron indios e exipcios, súbditos tamén do Imperio Británico que deberon proseguir coa súa loita durante aínda bastantes anos. Despois de Irlanda acadar a independencia, só os republicanos, aqueles que perderan a Guerra Civil, intentaron unir forzas, de maneira tímida, con outros movementos nacionalistas, e tales contactos tiveron lugar fundamentalmente nos Estados Unidos, como xa acontecera antes da independencia (Kiberd 1996: 251-259)³.

Sobre este n.º 8 de *Nós* consideramos que tamén é bastante relevante a colaboración titulada “Irlanda política no século XIX”, que asina Ramón Otero Pedrayo. Como anuncia o título, o artigo pretende ser un repaso pola historia política máis recente deste país nun momento en que “Irlanda está camiño de alcanzar ese deitoso estado, dempois da súa longa, dolorosa pasión”. Ora ben, un dos aspectos que torna máis interesante este traballo é ser, ademais dun resumo, tamén unha interpretación. Antes de comezar coa relación dos feitos, Otero establece unha grande división nese século XIX, o ano de 1893, data en que se funda a Liga Gaélica. Con anterioridade a esa data:

“O período *longo, tromentoso, inqueda*nte aparece cheo pol-as *loitas políticas, relixiosas y-económicas* de O’Connell, de Young Ireland, de Parnell, do Home Rule. Parlamentarios, oradores, homes do século das revolucíons, os patriotas irlandeses sofren e loitan en héroes y-en mártires. Mais falan inglés, peroran en Westminster, desfán na Inglaterra partidos e gabinetes.”

Porén, despois:

“A partir de 1893 outra *forte e serea lus alumea* os *espritos* dos nosos irmáns: a receltización do país, o espertar da alma inmortalmente céltiga da illa, dalles unha total conciencia da súa individualidade, e Irlanda trata con Albión de poder a poder”.⁴

Esta é a tese fundamental da colaboración de Otero no n.º 8 de *Nós*, relatar os diferentes fracasos dos políticos irlandeses da época contemporánea, e enxalzar os méritos da Liga Gaélica neste momento da independencia irlandesa, méritos tantos que lle fan prometer novos artigos para dar conta de como “este animador movemento” incidiu na vida económica para crear “cultivos, fábricas, riqueza”, mellorar “a situación do paisano e do artesano” e mesmo “aumentar a poboación”⁵.

As últimas liñas do artigo oteriano ocúpanse do período 1914-1921⁶, onde destaca o papel do *Sinn Féin*, do *Dáil Eireann*, e de Eamon de Valera, de que se reproduce unha fotografía neste número, xunto coa do mártir MacSwiney.

Outra das destacadas colaboracións neste n.º 8 de *Nós* é a que asina o seu director, Vicente Risco; titúlase “Irlanda e Galiza”. A epígrafe antecipa os contidos, porque o que podemos ler é unha comparación entre terras “habitadas pola mesma raza e suxeitas a un imitante destiño, d’un xeito tal, que somella coma si Deus quixera axuntar a unha coa outra por unha chea de misteriosas relacións de

³ A deriva insolidaria da clase política irlandesa tivo un dos seus fitos durante a Guerra Civil española. Sen ben este conflito foi o tema da política internacional que máis dividiu a sociedade irlandesa daquela época, o certo é que o goberno presidido por De Valera, ese mesmo que aparece retratado no n.º 8 de *Nós*, defendeu a non intervención nesta contenda e rexeitou interferir no plano diplomático, xa que se negou a recoñecer oficialmente o bando franquista, algo que lle pedía a oposición, o *Fine Gael*, eses políticos que gañaran a Guerra Civil irlandesa e gobernaron o país na década de 20. A Igrexa católica irlandesa si que adoptou rapidamente unha postura nesta loita entre a “cristiandade e o comunismo”, e as colectas que organizou puxeron nas mans dos “nacionais” 40.000 libras, para equipos de primeiros auxilios e o que fixese falta. Resulta triste recordar que outros 27 países optaron tamén por esta “non intervención”. Sobre isto, vid. Keogh 1994: 93-96.

⁴ *Nós*, n.º 8 (5/12/1921), páx. 13. O subliñado é noso.

⁵ Cómpre destacar que, neste artigo, Otero cita unha fonte bibliográfica francesa, a obra *L’Autonomie irlandaise* de Tann-Morvoan Goblet.

⁶ Hai algunha imprecisión no referido ás datas, que supoñemos é máis imputábel aos erros tipográficos que aos coñecementos oterianos.

todol-os ordes”. Risco compara as semellanzas entre Galiza e Irlanda no referido ao clima, á xeografía, á arqueoloxía, repara na colonización galega de Irlanda (do *Leabhar Gabhála* que achará o seu protagonismo dez anos máis tarde en *Nós*), da presenza de estudantes irlandeses na Idade Moderna en Compostela, da visión que o colonizador ten do irlandés e do galego... Finalmente, conclúe o artigo destacando a semellanza entre a Liga Gaélica e as IF, formadas ambas “coa mesma finalidade”, incidindo na atención que xa se lle prestou a Irlanda no séc. XIX (Verea, Murguía, Pondal...), lamentándose de haber en Galiza tamén “colonos ulsterians” e rexionalistas ao modo de “redmonstistas”, e preguntándose se, agora que a estrela inmorrante do Celtismo alumea o mundo, “Él brilará logo pra Eirin do Sur?”⁷.

2.c. 1922-1923

No tempo que vai da aparición do monográfico n.º 8 (5/12/1921) ao n.º 26 (15/02/1926), aquel en que dá comezo a serie de artigos de Risco sobre a moderna literatura irlandesa, encontramos tamén referencias a Irlanda en *Nós*, mais son poucas. No n.º 9 (31/01/1922) Ramón Villar Ponte publica “Berros do alén”, unha breve colaboración onde incide na independencia de Irlanda a través de ideas xa expresadas anteriormente⁸: o sacrificio dos mártires como camiño para o éxito. No n.º 12 (25/08/1922), na sección “Os homes, os feitos, as verbas”, pódese ler unha brevísima recensión de *Os catro cisnes brancos* de Lovey Chisholm, tradución de Manoel F. Barreiro que acaba de publicar a editorial Céltiga. Por último, no n.º 15 (1/01/1923) aparece unha tradución de “Nosa Señora dos Outeiros” de W. B. Yeats asinada por V. R., tal e como prometera no n.º 3 de 1920. É importante destacar que ese ano, W. B. Yeats é Premio Nóbel de literatura, mais parece que neste caso se repite o sentido da oportunidade dos redactores de *Nós*, xa que será en novembro cando se falle o premio e en decembro cando Yeats recolla en Estocolmo tal distinción. Neste n.º 15 de *Nós*, ningún texto explicativo ou introdutorio acompaña a tradución.

⁷ V. Risco, “Irlanda e Galiza”, *Nós*, n.º 8 (5/12/1921), páx. 20.

⁸ “Lembranza. Elexía do bon irlandés”, *Nós* n.º 6 (20/08/1921)

2.d. 1926

A seguinte data en que nos gustaría reparar é o ano de 1926, cando se publican a serie de artigos de Risco titulados “Da renacencia céltica. A moderna literatura irlandesa”, en que centraremos a nosa atención, así como a estudada tradución oteriana do *Ulises*.

Moi posibelmente este “lapso” no que a Irlanda e a revista *Nós* se refire veña dado por varias razóns, sendo a máis palmaria que a cabeceira non apareceu entre xullo de 1923 (n.º 19) e agosto de 1925 (n.º 20). Porén, como sinala Núñez Seixas (1992: 31), a guerra civil irlandesa, que comeza pouco despois da publicación do monográfico n.º 8, a finais de xuño de 1922 e que duraría un ano, destruíu en boa medida o exemplo irlandés para o galeguismo, polo menos temporalmente engadiríamos nós. Os logros que se enxalzaran eran agora motivo de división entre os irlandeses que os consideraban un paso máis no camiño para a soberanía e aqueles outros que os maldician por constituiren unha traizón aos ideais da loita. Os mártires que se sacrificaran polo seu país, como se santos fosen, tornáranse agora en inimigos cainitas que se mataban os uns aos outros. Un dos moitos tristes balanzos que se fan desa contenda indica que o número de vítimas da Guerra Civil foi maior que o dos mortos na Guerra de Independencia (Kiberd 2001: 482). Cando remate esta chacinería, en xuño de 1923, o que fica é unha sociedade dividida e un país empobrecido, cun estado aínda máis precario que o creado en xaneiro de 1922, e cuns retos moito máis severos por diante. Cando menos desde o punto de vista político, non parece un bo espello en que se ollar.

Deste modo, cando Irlanda regresa ás páxinas de *Nós* é para falar de literatura, por outra parte algo bastante normal porque non debemos esquecer que era un “boletín mensual da cultura galega”. Porén, como apunta Beramendi á hora de explicar o papel de Irlanda como referente de analoxía (Beramendi 2008: 586-587), tamén hai que ter en conta que por aquela altura, o de falar de política no Estado español non era moi sinxelo, sobre todo se as opinións expresadas non eran coincidentes coas de Primo de Rivera. Como sabemos, para este e o seu réxime todo o que tivese algunha relación

co “separatismo”, por remota que fose, non era ben vista, e susceptible de ser censurada na prensa periódica.

A primeira das tres entregas de Risco sobre a moderna literatura irlandesa recolle fielmente o testemuño do dito naquel n.º 8 de *Nós*, mesmo cunha cita literal, e pretende continuar coa exploración das “misteriosas relacións de todol-os ordes”. Os traballos de Cuevillas, di Risco, reafirman as teorías decimonónicas do celtismo (Verea, Murguía, Saralegui, Pondal, Brañas), mais o celtismo non é unha “recreanza arqueolóxica”, senón que a súa renacemento é a “espranza derradeira e suprema, no total esborrallamento da cultura occidental”. Así que esa é a razón por que cómpre mirar para Irlanda, “que *hoxe está dando* o mundo, coma sinal das súas promesas, unha literatura que cecais sexa antr’as modernas, a mais orixinal a mais nova, a mais arriscada”⁹. E xa neste comezo, cita a que segundo algúns autores é a súa principal fonte bibliográfica, o libro *L’île des Bardes* de Simone Téry (González-Millán 1989: 34-37; McKeivitt 2003: 9-11; Álvarez Lugrís 2005: 80-83)¹⁰.

O ensaio “Da renacemento céltica. A moderna literatura irlandesa” publícase nos n.º 26, 27 e 28 de *Nós*, e divídese en dez capítulos ou apartados, que aparecen encabezados con números romanos. Cada un destes capítulos está dedicado a un ou a varios autores irlandeses, a non ser os tres primeiros. Sumariamente podemos indicar o seu contido da seguinte maneira:

N.º 26 (15/02/1926):

- I. Lembranza do n.º 8; celtismo.
- II. Lingua e autores bilingües.
- III. Liga Gaélica.
- IV. Standish O’Grady, *Historia bárdica de Irlanda*.
- V. W. B. Yeats.

N.º 27 (15/03/1926):

- VI. J. M. Synge.
- VII. George Russell, AE.
- VIII. James Stephens e Lord Dunsany.

N.º 28 (15/04/1926):

- IX. Lennox Robinson. (xa encetado no n.º 27)
- X. James Joyce. (na revista repítese de novo a epígrafe IX para este apartado)

Os apartados II e III dedícanos Risco ao carácter bilingüe da creación literaria irlandesa e ao papel da Liga Gaélica, da cal xa se ocupara Otero en 1921. Canto ao bilingüismo literario dos autores irlandeses, Risco indica que estes son un contributo significativo para as letras inglesas, como o son os autores galegos que escriben en castelán para as letras españolas, mais a conxuntura galega era mellor, xa que segundo Risco, no tocante a usos lingüísticos no terreo literario “Irlanda atópase neste respecto n-un estado imitante o de Galiza antr’o 1900 e o 1916”. Sobre a situación lingüística irlandesa, achega datos que ilustran a perda de falantes do gaélico, e valora positivamente a Liga Gaélica, “aunque os escritores mais coñecidos escriben aínda en inglés”. De feito, malia ás apreciacións tan positivas de Risco sobre o idioma gaélico, todos os autores que trata neste traballo escribiron as súas obras na lingua de Shakespeare.

Canto á Liga Gaélica, da cal se ocupa no apartado III, Risco destaca como incidiu no ensino e divulgación do gaélico entre os irlandeses, e como un dos seus fundadores, MacNeill, que é “Ministro d’Enseño público d’Irlanda”, estableceu o seu ensino obrigatorio nas escolas¹¹. Tamén nos di que outro dos seus fundadores, Douglas Hyde, o ensina na Universidade, onde traballa xunto con outros investigadores que haberán de editar todos os textos irlandeses medievais. Xa vimos como nos artigos que Otero e o propio Risco publicaran en 1921, no n.º 8, se ponderaba de xeito moi positivo o labor da Liga Gaélica, e como se identificaban as IF con esta institución irlandesa.

Antes de revisar agora a nómina de autores escollidos por Risco para comentar a moderna literatura irlandesa, quixeramos facer unha primeira observación. Dos oito autores citados, dous deles xa morreron en 1926 (o “precursor” Standish O’Grady e J. M. Synge), a obra que se cita dos outros é, en case todos os casos, anterior a 1922, isto é, anteriores á creación do *Free State* e ao inicio da guerra civil, e moitos títulos son anteriores mesmo ao levantamento de Pascua. É por iso que máis arriba subliñamos as palabras de Risco en *Nós* (“que *hoxe está dando* o mundo”), xa que non é de todo exacto. Lembremos algo do que se di deles nos artigos de *Nós*.

⁹ *Nós*, n.º 26 (15/02/1926), pág. 5. O subliñado é noso.

¹⁰ Seguimos o que nos informan estes autores, porque nós non tivemos ocasión de consultar a obra francesa.

¹¹ Non sabemos exactamente cando redixiu Risco o seu traballo, publicado, como apuntamos, en febreiro de 1926, mais o certo é que MacNeill abandonou a responsabilidade ministerial en decembro de 1925.

No caso de Yeats, destácase o seu rol como “xefe da renacemento literaria irlandesa”, así como a distinción como Premio Nóbel en 1923. Indica Risco que W. B. Yeats “mordeu no cibo das Ciencias Ocultas”, e que isto condicionou positivamente a súa obra, emparentándoa coa tradición celta e co simbolismo francés, e se ben alude e mesmo cita a súa obra poética, a maior atención é para o seu papel como dramaturgo e como artífice de diversas empresas dramáticas¹². Nada se di da súa posición en 1926, a non ser que foi nomeado senador polo goberno, e isto engádesse no apartado VII, o dedicado ao George Russell¹³.

A J. M. Synge, morto en 1909, Risco préstalle igualmente bastante atención, e vai debullando o argumento e as características de boa parte das súas obras, especialmente as dramáticas, así como os trazos principais do seu estilo ou das súas similitudes con autores galegos. Da tumultuosa e violenta recepción que das súas obras fixeron os nacionalistas pouco di, a non ser: “Synge foi moi combatido pol-o estrevemento do seu humorismo. Puxérono de decadente e d’estraxeirizado. Por fin trunfou”¹⁴.

Sobre George Russell, coñecido polo pseudónimo AE, Risco tamén expón bastante información, empezando polo carácter polifacético da súa obra, e polo seu gosto pola teosofía, “igoal que Yeats”, para seguir presentado os seus tres libros de poemas, publicados entre 1894 e 1904, e explicar a súa obra como economista e como estudoso do cooperativismo. E cara ao final, lemos que:

“A.E. é sen dúbida nacionalista irlandés. Crar está que, coma é pacifista por temperamento e por ideas, condanou as violencias dos Sinn Feiner (sic) na guerra da Independencia e na guerra civil. Mais il tivo de cote fé na liberdade da Irlanda, e traballou por ela falando y-escribindo”¹⁵

Por último, Risco cita unhas liñas do seu opúsculo *Irlanda por dentro e por fóra*, informa que hai tradución ao castelán de E. Díez Canedo¹⁶, matiza que “o seu pacifismo non lle quita que sexa un admirador antusiasta dos héroes da Semá de Pascoa de 1916”, e mesmo que o *Free State* lle ofreceu un posto de senador, que el rechazou.

Con quen parece que non hai dúbida da súa ortodoxia, ou mellor dito, da súa aceptación pola ortodoxia nacionalista, é James Stephens. Citando a Simone Téry dinos que é como un pequeno trano, humorista, irreverente, que “non respeta ren”, no entanto, “os irlandeses todo llo pasan, parecéndolle ben cant’ il fai, aínda o que lle non perdoan a un Yeats ou a un Synge. Stephens ten privilexio pra dicir cousas que nos demais parecen mal.” A continuación, Risco diserta sobre a filosofía europea contemporánea, louvando o anti-intelectualismo, que está presente na obra de Stephens, e cita *O Pote d’ouro*. Risco fai unha relación de oito obras de Stephens, das cales só unha é posterior a 1915, *Deirdre* (1923).

O seguinte autor que presenta Risco, Lord Dunsany, “non ven catalogado no libro de Simone Téry”, malia ser “ben merecente d’elo”, e como os anteriores, precisa unha certa explicación sobre a súa relación con Irlanda. Dinon Risco que a súa fantasía e imaxinación creadora é ben propia de Irlanda, que Sir Edward Jhon (sic) Moreton Drap Plunkett, verdadeiro nome do autor, procede da nobre “castimonia” dos Plunkett e séntese moi ligado ao seu condado natal, Meath, única clave esta que permite afirmar que é un “patriota â sua maneira”, xa que segundo nos informa, é militar de carreira no exército inglés e a súa obra centrouse e tivo éxito nos Estados Unidos, máis que en Gran Bretaña ou en Irlanda, se ben é certo que o seu teatro tamén o “botaron” no Abbey.

De Lennox Robinson non se comenta nada a propósito da adecuación ou aceptación ao nacionalismo ou ao *Free State*. Risco cita unha nova fonte non aludida até entón para presentar este dramaturgo, o crítico (e poeta) Thomas MacGreevy, e escribe que Robinson é un destacado autor do Teatro Nacional Irlandés, que tivo moito éxito en Londres. Neste apartado Risco comenta seis obras teatrais, tres delas “traxedias políticas” inspiradas na loita pola liberdade de Irlanda, que teñen como protagonistas a un feniano ou a Robert Emmet, isto é, figuras do nacionalismo irlandés do séc. XIX. Todas as obras citadas de Robinson son anteriores a 1920.

Por último, a serie sobre a moderna literatura irlandesa conclúe con James Joyce, un home “do

¹² *Nós*, n.º 26 (15/02/1926), páx. 7-9.

¹³ *Nós*, n.º 27 (15/03/1926), páx. 9.

¹⁴ *Nós*, n.º 27 (15/03/1926), páx. 6.

¹⁵ *Nós*, n.º 27 (15/03/1926), páx. 8.

¹⁶ E o que non nos di é que foi editada precisamente pola Delegación da República Irlandesa en Madrid.

que todos temos que falar por forza, sen agarradeira posibre”. Ao longo deste apartado IX, Risco deixa claro que Joyce non pasa por ter moi boas relacións co seu país natal nin co nacionalismo irlandés, nin coa renacencia céltiga. Di Risco:

“Desbotou da súa y-alma a relixon, a lénxoa e o patriotismo irlandés. Escribeu en contra do Teatro Nacional; atacou a un escritor a quen debía o pan: soberbo com’o demo, nin estivo cos renacentistas irlandeses, nin cos seus nemigos. Rematou por se facer odioso a todos, e tivo que fuxir”¹⁷

Así e todo, despois das que Joyce levaba feitas, Risco conclúe que malia o seu carácter e o seu desferro, padece a obsesión de Irlanda, en tanto que esta é a protagonista da súa obra, e el mesmo é un espírito “fondamente irlandés”, por moitas razóns: a rebeldía, a exaxeración, a paixón, o humorismo, etc.

Dado que este último apartado do ensaio “Da renacencia céltiga. A moderna literatura irlandesa” se ten interpretado como unha sorte de preámbulo á tradución dos fragmentos do *Ulysses* que realiza Otero, a crítica reparou con atención nas palabras de Risco, e no feito de que os nacionalistas galegos lle prestaran atención, en data tan temperá, a un autor tan “díscolo” coa súa nación como Joyce. González-Millán estudou con detalle a orixe e o sentido da tradución de Joyce ao galego, e destacou a importancia de Valéry Larbaud na recepción de Joyce en Franza, o coñecemento que os autores galegos tiñan de Irlanda por estas fontes francesas, así como o carácter mancomunado desta introdución da literatura irlandesa en Galiza. Para este estudoso, a cuestión nacional foi un dos elementos importantes que rodeaba a obra de Joyce, e resultado fundamental para a revista *Nós*. Sobre a contradición aparente de unha revista nacionalista traducir e enxalzar un autor antinacionalista, o autor do artigo desenvolve unha interesante explicación:

por unha banda Risco e Otero fan unha lectura ambigua, coa escolla de fragmentos e comentarios que favorecían unha lectura (caracterización?) irlandesa da obra; por outra parte, González-Millán cuestiona o carácter “antinacionalista” de Joyce, argüindo que, coa parodia discursiva e o exilio, o autor do *Ulysses* enfrontou o discurso político do nacionalismo oficial irlandés e do imperialismo inglés para evidenciar que a política non é máis que ficción, o que tornaría o *Ulysses* nunha reflexión crítica sobre o discurso nacionalista aos ollos de *Nós* (González-Millán 1989: 38-39).

Pola súa parte, á hora de explicar esta escolla antinacionalista por parte de *Nós*, Kerry Ann McKeivitt coincide en que foi fundamental o prestixio que Larbaud lle outorgou a Joyce no ámbito francés, feito que tornou este autor moito máis interesante para *Nós*. Así, malia que Risco censura o antinacionalismo e o anticatolicismo de Joyce, acentúa o seu carácter irlandés *malgré lui*, como vimos, posibelmente pola súa fama internacional e o seu éxito literario. Por tanto, na apreciación tan positiva de Joyce que fai Risco en *Nós*, o prestixio e a influencia do mediador francés non é desprezibel. E canto á tradución ao galego (e á súa recepción crítica na revista, engadiríamos nós), McKeivitt sinala que traducir Joyce é para a Xeración *Nós* unha mostra de estar informada da literatura europea, reafirmar a súa vontade moderna e vangardista, e a súa independencia de Madrid para as empresas intelectuais e culturais, proporcionándolles tanto prestixio como independencia (McKeivitt 2003: 9-16, 50).

Daquela podemos concluír que ambos estudosos valoran a importancia das fontes francesas e a “adequación” do autor irlandés aos intereses de *Nós*: *presentalo* como “verdadeiramente” irlandés e *achegalo* a Galiza, ao tempo que se reafirma o “eixo” atlántico e céltico da identidade galega.

¹⁷ *Nós*, n.º 28 (15/04/1926), páx. 3.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ LUGRÍS, A. (2005), “O Leabhar Gabhála en galego. Algunhas cuestións previas”, in GÓMEZ (coord.), ÁLVAREZ / FRAGA / MacCARTHY / MOSCOSO: *A identidade galega e irlandesa a través dos textos / Galician and Irish Identity through Text*. USC: Compostela, pp. 74-83.
- BERAMENDI, Justo G. (2008)2: *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Xerais: Vigo.
- BROWN, Terence (2004)2: *Ireland. A social and cultural History. 1922-2002*. Harper Perennial: Londres.
- CACHO VIU, Vicente (1997): *Repensar el noventa y ocho*. Biblioteca Nueva: Madrid.
- DUFFY, Seán (2005)2: *The concise history of Ireland*. Gill and Macmillan: Dublín.
- FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C. (2009), “Narrativa e construción da identidade: Os camiños da vida de Ramón Otero Pedrayo”, in TATO FONTAÍÑA, L./ TAVARES MALEVAL, M.^a A. (eds.): *Estudos Galego-Brasileiros 3: Lingua, Literatura, Identidade*. UERJ: Rio de Janeiro, pp. 137-151.
- FIGUEROA, Antón (2001): *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Xerais: Vigo.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X. (1989), “James Joyce e a Xeración Nós”, *Grial*, n.º 101, Vigo, Galaxia, pp. 29-46.
- KEOGH, D. (1994): *Twentieth Century Ireland. Nation and State*. Gill and Macmillan: Dublín.
- KIBERD, Declan (1996)2: *Inventing Ireland. The Literature of the Modern Nation*. Vintage: Londres.
- KIBERD, Declan (2001)2: *Irish Classics*. Granta: Londres.
- McKEVITT, Kerry Ann (2001), “A tradución dos galegos á historia celta. A presenza do Leabhar Gabhála en Nós”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, 2001, Vigo, Galaxia, pp. 153-167.
- McKEVITT, Kerry Ann (2003), “Cuestións pasadas por alto: a tradución para o galego do *Ulysses* de James Joyce”, in JOYCE/OTERO PEDRAYO: *Fragmentos de Ulises, 1926*. Galaxia: Vigo, pp. 7-51.
- McKEVITT, Kerry Ann (2005), “Terence MacSwiney e W. B. Yeats: a poesía traducida de dous nacionalistas literarios en Galicia”, *Insights into Translation*, vol. VII, UDC: A Coruña, pp. 49-60.
- MILLÁN OTERO, Xosé M. (1996), “Grupo Nós: Vicente Risco”, in VV.AA.: *Historia da Literatura Galega*, vol. III. ANT e AS-PG: Vigo, pp. 738-768.
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M. (1992), “El mito del nacionalismo irlandés y su influencia en los nacionalismos gallego, vasco y catalán (1880-1936)”, *Spagna Contemporanea*, n.º 2, Alessandria, Edizioni dell’Orso – Istituto di studi storiche Gaetano Salvemini, pp. 25-58.
- PIÑEIRO, R. (1981), “Documentación epistolar”, *Grial*, n.º 73, Vigo, Galaxia, pp. 309-335.
- QUINTANA GARRIDO, X. R. (2002), “Da cantiga á arenga. Xénese e desenvolvemento do nacionalismo galego (1916-1936: as IF e o PG)”, in CONSTENLA BERGUEIRO / DOMÍNGUEZ CASTRO ed. (2002): *Tempo de sermos. Galicia nos séculos contemporáneos*. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, pp. 173-226.
- REI, Luís (2009): *Ramón Cabanillas. Crónica de destierros e saudades*. Galaxia: Vigo.